

A AELG esixe acabar coa “persecución sen límites” contra as institucións literarias catalás

Redacción | 23 de Setembro de 2017



A

[Imaxe: EDUARDO CASTRO BAL] Cesáreo Sánchez, presidente da AELG

Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega emitiu na mañá do sábado un comunicado en que se solidariza coa Associació d'Escriptors en Llengua Catalana dada a “vixilancia especial” que padecen institucións literarias catalás nos días previos ao referendo.

O Consello Directivo da [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) vén de facer público un comunicado en que manifesta a súa solidariedade coa [Associació d'Escriptors en Llengua Catalana, AECL](#), “na denuncia do sometemento a vixilancia especial da [Institució de les Lletres Catalanes](#) e o [Servei de Biblioteques de la Generalitat](#)”.

A entidade que preside Cesáreo Sánchez sinala que as citadas institucións “teñen intervidas as contas e as partidas reservadas para as actividades”. Advírtelo de que se trata “dun golpe” do goberno central, que pon “a cero euros” a [Institució de les Lletres Catalanes](#) e o [Servei de Biblioteques de la Generalitat](#), “impedindo a realización das actividades culturais que lles corresponden”.

Sen actividades culturais

A AELG lamenta que o Servei de Biblioteques teña que suspender “o servizo, actividades de fomento da lectura, xornadas profesionais, traballos do catálogo e do carné único ou a compra de libros” debido á decisión do Goberno de Mariano Rajoy.

Neste contexto, a asociación galega denuncia a “persecución sen límites” contra a cultura catalá. “Non existe ningún motivo, ninguna razón, ningún argumento legal nin paralegal, que xustifique unha actuación que é

contraria a un sistema que se autoproclama democrático”, engade a AELG, que esixe a fin da vixilancia especial contra estas institucións.

Podes ver este artigo na próxima dirección